

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3434 *Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.*

I

Este real decreto lei adopta un conxunto de medidas de carácter urxente dirixidas a dous ámbitos específicos, o económico e a saúde pública, que neste momento demandan unha resposta inmediata.

En particular, modifícanse a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, a Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, e o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

A Lei 1/2013, do 14 de maio, foi aprobada co obxecto de atender as circunstancias excepcionais derivadas da crise económica e financeira, que tivo como consecuencia que numerosas persoas que contrataron un préstamo hipotecario para a adquisición da súa vivenda habitual se encontraron en dificultades para faceren fronte ás súas obrigas. Unha das medidas previstas pola dita lei foi a suspensión dos lanzamentos que afectaban as persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Malia teren transcorrido case sete anos desde que se aprobou a Lei 1/2013, do 14 de maio, e suspendérense por primeira vez os lanzamentos sobre vivendas habituais de colectivos especialmente vulnerables, moitos debedores e as súas familias continúan encontrándose nunha situación de especial vulnerabilidade.

Por iso, resulta de extraordinaria necesidade desde o punto de vista económico, social e conxuntural ampliar o prazo de suspensión dos lanzamentos catro anos máis, ata maio do ano 2024, e axustar o concepto de colectivo vulnerable para protexer os debedores que, malia estaren nunha situación de especial vulnerabilidade, non eran beneficiarios ata este momento da suspensión.

Desta forma, calquera proceso xudicial de execución hipotecaria ou venda extraxudicial polo cal se adxudique a vivenda habitual de persoas pertencentes a determinados colectivos queda afectado por esta medida. Así, a Lei 1/2013, do 14 de maio, impide que se proceda ao lanzamento que culminaría co desaloxo de persoas vulnerables, sen alterar o procedemento de execución hipotecaria.

A suspensión dos lanzamentos beneficia as persoas que se encontren dentro dunha situación de especial vulnerabilidade e que por este motivo requiren dunha especial protección, conforme o definido no artigo 1 da Lei 1/2013, do 14 de maio. Estas persoas son, coa norma actualmente en vigor, aquelas pertencentes a familias numerosas, familias monoparentais con fillos a cargo ou das cales forme parte un menor de idade, familias en que algún dos seus membros teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o/a incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, familias en que o debedor hipotecario se encontre en situación de desemprego, familias en que convivan unha ou máis persoas unidas co titular da hipoteca ou co seu cónxuxe por vínculo de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade, e que se encontren en situación persoal de discapacidade, dependencia ou enfermidade grave que os/as incapacite acreditadamente de forma temporal ou permanente para realizaren unha actividade laboral, e familias en que exista unha vítima de violencia de xénero. Tamén se beneficia desta medida o debedor maior de 60 anos.

Ademais, este real decreto lei amplía o colectivo de posibles beneficiarios, por un lado, establecendo entre os supostos de especial vulnerabilidade as familias monoparentais

aínda que teñan só un fillo a cargo e, por outro, incrementando o límite de ingreso máximo da unidade familiar que serve de referencia para determinar a vulnerabilidade en termos do indicador público de renda de efectos múltiples en función do número de fillos e de se é unha familia monoparental. A norma tamén estende a súa aplicación de forma que a suspensión produce os seus efectos calquera que sexa o adxudicatario da vivenda, sexa este persoa física ou xurídica, e non só cando se adxudicase ao acredor, ou a calquera persoa que actuase pola súa conta, como ocorría ata este momento.

II

Tamén se modifica a Lei 9/2012, do 14 de novembro, no que se refire ao réxime xurídico da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (Sareb). Esta sociedade constituíuse no ano 2012 coa aprobación do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, posteriormente validado e substituído pola Lei 9/2012, do 14 de novembro, que foi desenvolvida polo Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos. Sareb constitúese como unha sociedade anónima que presenta determinadas particularidades derivadas do seu obxecto social singular, que non é outro que o da liquidación, nas mellores condicións posibles, da carteira de activos que lle foron transferidos e do interese público derivado da súa actividade. Ambas as finalidades dan lugar a que Sareb, ben que se rexe con carácter xeral pola normativa das sociedades mercantís de capital, presente necesariamente un réxime xurídico especial en determinados aspectos que resultan imprescindibles para dar cumprimento ao seu fin social.

Ata o momento, Sareb está cumprindo o seu mandato. Ademais, como parte da súa responsabilidade social corporativa, Sareb conta cun programa de promoción de vivenda social, cun parque habilitado de 4.000 vivendas para fins sociais, que pretende ser ampliado e complementado a curto prazo, o que se poderá realizar sempre que a sociedade poida seguir funcionando e desempeñando a súa actividade.

Para os efectos de continuar a consecución dos seus obxectivos e co fin de que Sareb prosiga levando a cabo o seu fundamental labor liquidatorio con normalidade, cómpre complementar de maneira urxente o réxime xurídico previsto para esta sociedade mediante a modificación da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, para os efectos da non aplicación do previsto no artigo 363.1.e) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. O artigo 363.1.e) regula a disolución por causa de redución do patrimonio neto a unha cantidade inferior á metade do capital social. A necesidade da non aplicación desta causa de resolución a Sareb vén exixida polo mandato legal de desinvestimento nun determinado prazo, e maximizando a recuperación de valor, de todos os activos que lle foron transmitidos e que forman parte do seu patrimonio neto. Esta particularidade fai imprescindible adaptar ao seu réxime xurídico especial as causas de disolución previstas con carácter xeral para as sociedades mercantís de capital que, por contraposición ao fin de Sareb, realizan a súa actividade con carácter indefinido no tempo, alleo por tanto ao carácter liquidador dos seus activos que presenta o fin último de Sareb.

III

Este real decreto lei modifica de igual forma o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro. Modifícase a disposición adicional cuarta do dito real decreto para ampliar o tipo de entidades financeiras xa constituídas que poden solicitar a súa transformación en bancos. Coa redacción actualmente en vigor, permítese a transformación en banco de dous tipos de entidades: as cooperativas de crédito e os establecementos financeiros de crédito. No entanto, resulta fundamental ampliar as categorías de entidades financeiras que poden solicitar a transformación.

En primeiro lugar, faise necesario pola incerteza derivada da negociación e a posible falta de acordo que regule as relacións entre a Unión Europea e o Reino Unido despois do

período transitorio que vence o 31 de decembro de 2020. Esta eventualidade suporía que as entidades financeiras terían que modificar o seu modelo de negocio e iniciar o proceso de autorización para ampliar os seus negocios financeiros en España. Dentro destas necesidades, destaca a posibilidade de transformarse en banco. Na evolución do sector financeiro nos últimos anos, véñense observando unha mesma tendencia clara en diversos países: cando entidades de pagamento, diñeiro electrónico ou empresas de servizos de investimento acadan un certo tamaño, optan por crecer transformándose en bancos, o que lles permite o acceso ao financiamento do banco central ou ao dos depósitos do público, a cambio duns requisitos máis exixentes. Nun contexto en que as entidades están cuestionándose as súas decisións de relocalización, precisamente pola saída do Reino Unido da Unión Europea, resulta urxente e necesario eliminar a desvantaxe competitiva que supón que as entidades se vexan abocadas á adquisición de filiais bancarias ou á reestruturación en lugar do sometemento a un procedemento de transformación, como ocorre no resto da Unión Europea. Nótese, ademais, que aínda que non será ata decembro cando finalice o período transitorio da saída do Reino Unido da Unión Europea, na medida en que as decisións de localización se executan ao longo de varios meses, resulta necesario acometer esta reforma de forma inmediata para que as entidades teñan tempo suficiente para efectuaren a súa transformación.

En segundo lugar, porque esta imposibilidade de transformación en banco é unha peculiaridade doméstica que non existe no resto de Estados membros da Unión Europea e que lastra significativamente a competitividade do sistema financeiro español. En efecto, nun contexto de crecente mobilidade xeográfica destas empresas, moitas das cales están valorando na actualidade o traslado do seu domicilio social a outros Estados membros da Unión Europea, a existencia dun marco regulatorio certo e estable chega a ser unha condición absolutamente imprescindible que determina as súas decisións de investimento.

En terceiro lugar, a entrada en vigor dun novo réxime prudencial para as empresas de servizo de investimento tras a aprobación da Directiva (UE) 2019/2034 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro de 2019, e do Regulamento (UE) 2019/2033 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro de 2019, obriga a aplicar o réxime prudencial das entidades de crédito ou a solicitar a autorización como entidade de crédito cando se superen determinados limiares.

Hai que ter en conta que a ampliación do tipo de entidades que se poden transformar en bancos seguirá contando coas garantías necesarias para asegurar que a transformación non lesiona de ningún modo os dereitos e intereses dos investidores e non pon en risco a estabilidade do sistema financeiro español. En primeiro lugar, porque esta posibilidade se estende a outros tipos de entidades financeiras que, polo seu réxime xurídico, tamén están, en principio, en condicións de asumir o exixente réxime legal dos bancos. E, en segundo lugar, porque lóxicamente as autoridades supervisoras continuarán autorizando a transformación unicamente se se cumpren todos os demais requisitos legais e regulamentarios relativos á autorización aplicable en cada caso concreto.

IV

Desde que a Organización Mundial da Saúde declarou o pasado mes de xaneiro que a situación en relación co COVID-19 supuña unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, e segundo comezaron a aparecer os primeiros casos no noso país, cómpre adoptar unha serie de medidas que non se poden demorar para garantir a protección social dos traballadores que causen baixa por illamento e enfermidade, así como para garantir o abastecemento do material necesario no noso Sistema nacional de saúde.

En particular, por un lado, coa finalidade de evitar a propagación da enfermidade e manter a protección social dos traballadores por conta propia ou allea, inclúese que os períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19 terán a consideración de situación asimilada a accidente de traballo para efectos da prestación económica por incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social.

Por outro lado, como medida para prever casos de posibles desabastecementos, a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé no seu artigo cuarto.a) que cando un medicamento ou produto sanitario se vexa afectado por excepcionais dificultades de abastecemento e para garantir a súa mellor distribución, a Administración sanitaria do Estado, temporalmente, poderá establecer a subministración centralizada pola Administración.

Non obstante, as excepcionais dificultades de abastecemento existentes no noso Sistema nacional de saúde comportan que a habilitación conferida ao Estado para poder levar a cabo a subministración centralizada de medicamentos e produtos sanitarios sexa insuficiente para poder garantir o adecuado abastecemento do material necesario para a prevención do COVID-19 no noso Sistema nacional de saúde, polo que é preciso estender esta habilitación a outros produtos necesarios para a protección da saúde que non teñan a natureza de produto sanitario, de acordo co previsto no Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios. Por iso, cómpre modificar a dita lei orgánica.

V

Este real decreto lei consta dunha parte expositiva e dunha parte dispositiva e estrutúrase en dous capítulos que comprenden cinco artigos e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo primeiro comprende os artigos primeiro, segundo e terceiro. No artigo primeiro modifícase a disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, para os efectos da non aplicación a Sareb do previsto no artigo 363.1.e) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

O artigo segundo modifica a Lei 1/2013, do 14 de maio, amplía o prazo e o colectivo beneficiado da suspensión dos lanzamentos. Neste sentido, prolóngase a vixencia da suspensión dos lanzamentos por catro anos máis para persoas que se encontren en supostos de especial vulnerabilidade cando nun proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria se adxudicase a vivenda a calquera persoa, non só ao acredor ou a un terceiro que actúe por conta deste, como ocorría no texto modificado. Ao mesmo tempo, inclúense entre os colectivos vulnerables as familias monoparentais que teñan un só fillo a cargo. Por último, aumenta o límite de ingresos para poder beneficiarse da medida, ao incrementarse por cada fillo a cargo dentro da unidade familiar en 0,15 veces o IPREM para as familias monoparentais ou, en 0,10 veces o IPREM para o resto de familias.

O artigo terceiro modifica o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, ampliando o tipo de entidades financeiras xa constituídas que poden solicitar a súa transformación en bancos.

Pola súa parte, o capítulo segundo está constituído polo artigo cuarto e polo artigo quinto. No artigo cuarto modifícase a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, para establecer o abastecemento centralizado polo Estado de produtos sanitarios distintos dos medicamentos. Finalmente, o artigo quinto recolle, co fin de protexer a saúde pública, como situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social, os períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19.

A disposición derradeira primeira mantén o rango das modificacións realizadas no Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, posibilitando que no futuro poidan ser modificadas mediante real decreto. A disposición derradeira segunda recolle, pola súa parte, a entrada en vigor.

VI

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo–.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Como se expuxo, concorren neste caso as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a aprobación deste real decreto lei exixidas polo artigo 86.1 da Constitución española. No momento actual segue sendo necesario facer fronte á situación daquelas familias que continúan sufrindo a adversidade económica, o que xustifica as modificacións da Lei 1/2013, do 14 de maio. O prazo previsto finalizará o 15 de maio de 2020, polo que está totalmente xustificado recorrer ao real decreto lei como vehículo normativo para ampliar este prazo por outros catro anos. Así mesmo, a falta de axuste do limiar de vulnerabilidade desde que se aprobou a medida en 2012 pode estar provocando o lanzamento inxustificado de persoas que, en realidade, formarían parte deste colectivo.

Igualmente concorren estas circunstancias en relación coa introdución da modificación da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro. Transcorrido algo máis da metade do prazo para o cal foi creada Sareb (o Real decreto 1559/2012, do 15 de novembro, establece a súa duración en 15 anos, ata o 28 de novembro de 2027) e atendendo ao grao de desinvestimento alcanzado no momento actual, e ante os riscos derivados dun mercado como o inmobiliario con certo grao de volatilidade, cómpre evitar que Sareb poida chegar eventualmente a encontrarse nunha causa legal de disolución, o que impediría o desenvolvemento normal da súa actividade e, en definitiva, alcanzar na súa totalidade os obxectivos para os cales foi creada a sociedade. E, en particular, podería verse frustrado o programa de promoción de vivenda social que ten previsto desenvolver no curto prazo, cuxo desenvolvemento e implementación ten un marcado interese social na situación do mercado inmobiliario actual.

Tamén concorren as causas de extraordinaria e urxente necesidade no novo réxime establecido polo artigo terceiro, que permite unha transformación e ampliación ordenada das actividades de determinadas entidades financeiras e sucursais en España ante o risco de falta de acordo sobre as relacións futuras entre a Unión Europea e o Reino Unido. Esta disposición iguala o réxime de transformación en bancos de cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito, sociedades de valores, entidades de pagamento e entidades de diñeiro electrónico. A actual conxuntura económica, cunha forte competencia para atraer investimentos e empresas no contexto da retirada da Unión Europea do Reino Unido, obriga a adoptar medidas con carácter inmediato. A tramitación desta disposición mediante a vía lexislativa ordinaria suporía situar en desvantaxe o sistema financeiro español nun contexto con riscos e oportunidades fronte aos países da nosa contorna. Reino Unido é, ademais, o primeiro destino do noso investimento estranxeiro directo, moi concentrado no sector financeiro, polo que a súa retirada podería afectar de maneira notable o noso sistema financeiro.

No que respecta aos artigos cuarto e quinto deste real decreto lei, no actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública e a actual indefinición das baixas por illamento ou contaxio para efectos das prestacións económicas sociais, pois supón un prexuízo para os cidadáns e un risco para a saúde pública. Igualmente, detectouse que o desabastecemento de produtos necesarios para a protección da saúde constitúe un risco para a saúde pública; cabe sinalar que existen razóns sanitarias que xustifican a urxente e extraordinaria necesidade previstas no artigo 86.1 da nosa Constitución, que fundamentan a modificación prevista do artigo cuarto da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril.

Así mesmo, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida,

supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC do 30 de xaneiro de 2019; recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica, a protección dos colectivos especialmente vulnerables da nosa sociedade e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que acaban de exporse demostran que, en ningún caso, este real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Pola contra, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Débase sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Os motivos expostos xustifican cumpridamente a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución. Concorren tamén as notas de excepcionalidade, gravidade e relevancia que fan necesaria unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria dunha lei, ben sexa polo procedemento ordinario ou polo de urxencia (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7).

VII

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo que se refire aos principios de necesidade e eficacia, este real decreto lei é o instrumento óptimo para manter o nivel de protección dos debedores hipotecarios que se encontran en situación de vulnerabilidade que, ante a imposibilidade de cumpriren coas súas obrigas de pagamento, foron demandados polos seus acredores e foron despoxados da propiedade da súa vivenda. En efecto, en todos estes casos, a necesidade de que poidan continuar habitando a que foi a súa vivenda fai imprescindible que se prolongue a paralización dos lanzamentos e se axuste o limiar de vulnerabilidade. Así mesmo, tamén é o instrumento óptimo en relación coa modificación da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, dado que é necesaria para a consecución do obxectivo fundamental de Sareb. Finalmente, tamén o é en relación coa modificación da disposición adicional cuarta do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, xa que é necesaria para eliminar un obstáculo idiosincrático da normativa nacional que dificulta a transformación en bancos, que se constituíu nun elemento de competitividade nun contexto global. A necesidade e a eficacia da modificación da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, revélanse na medida en que se detectou que o desabastecemento de produtos necesarios para a protección da saúde constitúe un risco para a saúde pública no escenario actual de contención e prevención do COVID-19 e se propón unha medida puntual e concreta para paliar esta situación. Por último, a través deste mecanismo normativo pódese atender a necesidade de asimilar de forma excepcional, como accidente de traballo, os períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19, para os efectos de gozar da prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social.

En canto ao principio de proporcionalidade, trátase dunha modificación puntual, precisa e clara de cinco aspectos que, respectivamente, requiren unha acción normativa inmediata co fin de garantir a protección dos colectivos vulnerables, o mantemento da actividade de Sareb, a transformación ordenada das actividades de entidades financeiras no contexto da saída do Reino Unido da Unión Europea e garantir a saúde pública no contexto xerado polo COVID-19 mediante a mellor alternativa posible. Débase destacar

tamén que, respectando o principio de proporcionalidade, no que se refire á modificación do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, se optou precisamente por modificar o real decreto en lugar de elevar o rango, realizando a alteración mínima imprescindible do réxime actual no cal o dito real decreto é quen regula os aspectos máis substantivos da autorización de entidades de crédito.

En canto ao principio de seguridade xurídica, este real decreto lei establece a regulación mínima imprescindible para o cumprimento dos seus fins, é coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto nacional como da Unión Europea, e non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias. As modificacións que se introducen na normativa de entidades de crédito e de protección dos debedores hipotecarios permiten xerar un marco normativo estable, integrado e claro.

En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis. Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón ningunha carga administrativa adicional ás existentes con anterioridade.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e dos ministros de Sanidade e Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas en materia económica

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

O número 3 da disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, queda redactado da seguinte forma:

«3. Esta sociedade constituirase por un período de tempo limitado, que se determinará regulamentariamente, e non lle será de aplicación o disposto nos artigos 348.bis e 363.1.e) da Lei de sociedades de capital. Así mesmo, regulamentariamente poderase determinar ou, de ser o caso, atribuír ao FROB a determinación do importe inicial de capital social e a prima de emisión.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social.*

Un. O parágrafo primeiro do número 1 do artigo 1 da Lei 1/2013, do 14 de maio, queda redactado como segue:

«1. Ata transcorridos once anos desde a entrada en vigor desta lei, non procederá o lanzamento cando nun proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria se adxudicase ao acredor, ou a calquera outra persoa física ou xurídica, a vivenda habitual de persoas que se encontren nos supostos de especial vulnerabilidade e nas circunstancias económicas previstas neste artigo.»

Dous. A letra b) do número 2 do artigo 1 da Lei 1/2013, do 14 de maio, queda redactada do seguinte modo:

«b) Unidade familiar monoparental con polo menos un fillo a cargo.»

Tres. A letra a) do número 1 do artigo 3 da Lei 1/2013, do 14 de maio, queda redactada como segue:

«a) Que o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non supere o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas. O dito límite será de catro veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas nos supostos previstos nas letras d) e f) do punto anterior, e de cinco veces o dito indicador no caso de que o executado sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente a persoa ou o seu coidador para realizar unha actividade laboral. O límite definido para cada caso incrementárase por cada fillo a cargo dentro da unidade familiar en:

- i. 0,15 veces o IPREM para as familias monoparentais;
- ii. 0,10 veces o IPREM para o resto de familias.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.*

A disposición adicional cuarta do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Autorización para a transformación en bancos de sociedades xa constituídas.*

A autorización para a transformación nun banco poderase outorgar a sociedades xa constituídas unicamente cando se trate de cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito, sociedades de valores, entidades de pagamento e entidades de diñeiro electrónico.

Para obter a autorización será necesario cumprir os requisitos previstos no título I, capítulo I, deste real decreto, pero, en relación co artigo 4.b), entenderase cumprido sempre que a suma do patrimonio neto resultante do balance correspondente ao ano anterior á solicitude de transformación, que necesariamente deberá estar auditado, e das achegas en efectivo alcancen 18 millóns de euros.

Ademais, na autorización poderase dispensar do cumprimento das limitacións temporais previstas no artigo 8.»

CAPÍTULO II

Medidas para a protección da saúde pública

Artigo cuarto. *Modificación da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.*

Modifícase o artigo cuarto da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, que queda redactado como segue:

«Artigo cuarto.

Cando un medicamento, un produto sanitario ou calquera produto necesario para a protección da saúde se vexa afectado por excepciónais dificultades de abastecemento e para garantir a súa mellor distribución, a Administración sanitaria do Estado, temporalmente, poderá:

- a) Establecer a subministración centralizada pola Administración.

b) Condicionar a súa prescripción á identificación de grupos de risco, realización de probas analíticas e diagnósticas, formalización de protocolos, envío á autoridade sanitaria de información sobre o curso dos tratamentos ou a outras particularidades semellantes.»

Artigo quinto. *Consideración excepcional como situación asimilada a accidente de traballo dos períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras como consecuencia do virus COVID-19.*

«1. Co obxecto de protexer a saúde pública, consideraranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social, aqueles períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras provocado polo virus COVID-19.

2. En ambos os casos, a duración desta prestación excepcional virá determinada polo parte de baixa por illamento e a correspondente alta.

3. Poderá causar dereito a esta prestación a persoa traballadora por conta propia ou allea que se encontre na data do feito causante en situación de alta en calquera dos réximes da Seguridade Social.

4. A data do feito causante será a data en que se acorde o illamento ou enfermidade do traballador, sen prexuízo de que o parte de baixa se expida con posterioridade a esa data.»

Disposición derradeira primeira. *Salvagarda do rango de certas disposicións regulamentarias.*

Mantense o rango da disposición adicional cuarta do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, modificada polo artigo terceiro deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN